

XVIII CROSS POPULAR DO **CONCELLO DE BOBORÁS** **(OURENSE)** **ANO 2018**

Data de celebración: Domingo 21 de xaneiro de 2018

Hora: 10.00 horas

Organiza: Concello de Boborás

REGULAMENTO XERAL

1. A saída darase diante do CEIP Nosa Señora de Xuvencos con horario distinto atendendo ás categorías:
 - Categoría SUB 10, SUB 12,: 10.10 h
 - Categoría SUB 14, SUB 16, SUB 18 E SUB 20: 10.25 h
 - Categoría: SUB 23, Seniors I e II, Veteráns I e II: 11.10 h

A liña de meta para tódalas categorías será a mesma e estará situada pola parte traseira do CEIP Nosa Señora de Xuvencos.

2. Os participantes deberán de situarse no punto de saída 10 minutos antes do comezo da súa correspondente proba, sen interferir nas anteriores.
3. Os participantes de todas as categorías poderán inscribirse a partir do 22 de decembro de 2017 exclusivamente a través da páxina web www.championchipnorte.com, e antes do día 17 de xaneiro ás 15.00 horas. Personalizaranse co nome do participante tódolos dorsais das inscricións feitas con anterioridade ao martes día 16 de xaneiro de 2018.

Non se inscribirá a ningún atleta o día da proba nin por outros medios diferentes á páxina web.

4. Os atletas inscritos poderán comprobar o listado de inscrición na web www.championchipnorte.com, inmediatamente ó finalizar correctamente o proceso de inscrición e a lista definitiva a partir do día 17 ás 15.00 horas.
5. Non se admitirá ningunha inscrición na que falten datos.
6. Cada atleta participante deberá de aboar a cantidade de 5 euros para as categorías SUB 23, Seniors I e II, Veteráns I e II, máis un euro polo chip, agás nas inscricións feitas o 15, 16 e 17 de xaneiro nas que o prezo ascenderá a 7 euros máis o euro do chip. Nas categorías SUB 10, SUB 12, SUB 14, SUB 16, SUB 18 E SUB 20 a inscrición será gratuíta.
7. Cada participante deberá de achegarse ao punto de entrega de dorsais e chips, situado no interior do pavillón municipal, para recoller o seu con antelación suficiente cun mínimo de 30 minutos de antelación á disputa da proba. O chip deberá entregarse ao remate da proba, ao atravesar o arco de meta, evitando o seu deterioro ou extravío. O chip deberá atarse na zapatilla.
8. O percorrido total será de 7400 metros, os cales estarán sinalizados e controlados pola organización, diminuíndo esta distancia segundo as categorías establecidas SUB 14, SUB 16, SUB 18 E SUB 20 (4500) e SUB 10, SUB 12 (1500).
9. A clasificación será por categorías e haberá trofeos para os primeiros clasificados de cada unha delas, e medallas para o segundo e o terceiro sendo un para home e outro para muller. Tamén haberá dous trofeos de honra para o atleta de máis idade que remate a proba, así como para o máis novo.
10. Tódolos participantes independentemente da categoría á que pertenzan, recibirán un agasallo conmemorativo no momento da recollida da dorsal.

11. A organización contará coa colaboración dos organismos oficiais correspondentes.
12. Está prohibido o acompañamento dos participantes por persoas ou vehículos de axuda. O incumprimento desta norma implicará a descualificación inmediata do atleta.
13. O control de chegada pechará unha hora despois de que entre o primeiro participante.

14. CATEGORÍAS E TROFEOS

CATEGORIAS	ANO DE NACEMENTO	PERCORRIDO	TROFEOS
* SUB 10 * SUB 12	2009 e 2010 2007 e 2008	1500 metros	Trofeo:1º clasificado home por categoría Medallas: 2º e 3º Trofeo: 1º clasificado muller por categoría Medallas : 2º e 3º
* SUB 14 * SUB 16	2005 e 2006 2003 e 2004	4500 metros	Trofeo:1º clasificado home por categoría Medallas: 2º e 3º Trofeo: 1º clasificado muller por categoría Medallas : 2º e 3º
* SUB 18 * SUB 20	2001 e 2002 1999 e 2000	4500 metros	Trofeo:1º clasificado home por categoría Medallas: 2º e 3º Trofeo: 1º clasificado muller por categoría Medallas : 2º e 3º
* SUB 23 * Seniors I * Seniors II	1996,1997 e 1998 1995 ata 1983 1982 a 1971	7400 metros	Trofeo:1º clasificado home por categoría Medallas: 2º e 3º Trofeo: 1º clasificado muller por categoría Medallas : 2º e 3º
* Veteráns I * Veteráns II	1970 ata 1961 Anteriores 1960	7400 metros	Trofeo:1º clasificado home por categoría Medallas: 2º e 3º Trofeo:1º clasificado muller por categoría Medallas : 2º e 3º

15. Os circuítos estarán sinalizados segundo cores. Deste xeito o corredor deberá seguir as marcas segundo a súa categoría:

Categoría SUB 10 e SUB 12: **indicativo verde**
Categorías SUB 14, SUB 16, SUB 18 e SUB 20: **indicativo azul**
Categoría SUB 23, Senior I e II, Veteráns I e II: **indicativo amarelo**

16. Cada atleta ten o deber de realizar o percorrido correspondente, co fin de coñecelo, antes da data de proba. A organización facilitará as indicacións pertinentes a quen as solicite, e non se responsabilizará das perdas ou confusións nas rutas e outros problemas derivados.
17. A entrega de trofeos e medallas terá lugar no pavillón municipal (situado ao lado do CEIP Nosa Señora de Xuvencos) ás 13.30 h aproximadamente.
18. Ao remate da proba, tamén no pavillón municipal, haberá doces, froita, chocolate e bebidas para tódolos participantes. Os participantes que o desexen tamén poderán ducharse e asearse, aínda que non se garante a auga quente para todos ao ser un sistema por acumulación.

INFORMACIÓN DA PROBA:

Concello de Boborás (Rúa Cristóbal Colón, s/n -32514
Boborás- Ourense)

Tlf: 988402008 E-mail: cultura@boboras.gal